

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL (INSS), A UNIVERSIDADE DE ALCALÁ (UAH) E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, PARA A REALIZACIÓN DUN CURSO DE INCAPACIDADE TEMPORAL PARA MÉDICOS ASISTENCIAIS NA MODALIDADE ON-LINE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) e a Universidade de Alcalá (UAH) formalizaron o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que remata o 31.12.2022, con posibilidade de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto perfeccionar a formación no control médico da prestación de incapacidade temporal mediante a mellora da formación dos médicos de Atención Primaria, de maneira prioritaria, médicos residentes (MIR) de Medicina Familiar e Comunitaria, así como doutros médicos especialistas, incluídos MIR de especialidades distintas á Medicina Familiar e Comunitaria en menor medida, a través do desenvolvemento dun curso de incapacidade temporal para médicos asistenciais na modalidade on-line. Este curso é ofertado pola UAH, de xeito que corresponde a esta a xestión e dirección académica do mesmo (en coordinación co INSS), a súa organización e avaliación, o desenvolvemento das probas de competencia do alumnado e a expedición e rexistro dos títulos ou certificados daqueles/as alumnos/as que superasen o curso.

Para poder desenvolver este curso, a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, leva a cabo unha serie de actuacións en relación coa acción formativa, tales como son a difusión do curso e a comunicación do alumnado proposto á UAH e o abono do custo da matriculación por alumno/a.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O INSS, en tanto que entidade xestora da Seguridade Social, ten atribuídas competencias para xestionar e controlar a prestación por incapacidade temporal (IT). Porén, destacan entre as súas funcións a da determinación do carácter común ou profesional da enfermidade que orixina a situación de IT, así como a determinación das entidades colaboradoras responsables das prestacións que poidan resultar procedentes en materia de incapacidades laborais.

Con carácter xeral corresponde ao persoal médico do Servizo Público de Saúde a expedición dos partes de baixa e a confirmación de baixa e alta, que determinarán a declaración de baixa médica nos procesos de IT, así como a súa duración e extinción. Asemade, en virtude dos procedementos regulados no Real decreto 625/2014, do 18 de xullo, a Inspección Médica do

Servizo Público de Saúde participará na xestión e control da prestación por IT xunto coas entidades xestoras e colaboradoras da Seguridade Social. É por iso que este persoal debe dispor de coñecementos científicos actualizados e ferramentas de valoración funcional axeitadas para a aplicación de criterios técnicos obxectivos, avaliados pola comunidade científica nas diferentes materias.

Pola súa banda, corresponde á Universidade de Alcalá, consonte ao establecido na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos científicos, así como o desenvolvemento de ensinos de especialización ou actividades específicas de formación. Así mesmo está facultada para impartir ensinos conducentes á obtención de títulos oficiais e con validez en todo o territorio nacional, podendo impartir tamén ensinos conducentes á obtención doutros títulos.

No Convenio entre o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións (INSS) e a Comunidade Autónoma de Galicia para o control da incapacidade temporal durante o período 2021 a 2022, exprésase que é vontade das partes establecer o Plan de Actuacións para a modernización e mellora da xestión da incapacidade temporal e a racionalización do gasto da prestación, durante toda a vixencia do convenio. O mencionado Plan de Actuacións, que acompaña ao devandito convenio, é fixo e invariable durante toda a vixencia do convenio, e establece como unha das actividades a realizar os cursos on-line sobre incapacidade laboral. A correcta realización desta actuación supón o cumprimento do 2 % dos obxectivos que se propoñen. Así mesmo recóllese que, con independencia das actividades, presenciais ou non, organizadas polas Comunidades Autónomas e INGESA, o INSS poñerá ao dispor das mesmas actividades on-line para a formación, investigación e innovación en valoración médica das incapacidades laborais e en calquera materia que se considere relevante para o bo funcionamento das prestacións económicas do sistema da Seguridade Social.

Así pois, coa subscripción do convenio que se ven de formalizar, mellórase a eficiencia da xestión pública mediante a utilización de recursos e servizos conxuntos, contribuíndose á realización dunha actividade de utilidade pública, e cumpríndose coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

